



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivie, 23 36203 VIGO – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: HISTORIA DA ETNOMUSICOLOXÍA

OBXECTIVOS XERAIS

- Coñece-las diferentes etapas e correntes da etnomusicoloxía como disciplina a través da súa historia así coma os contidos que estuda en cada unha destas etapas .
- Comprender a importancia desta disciplina para abordar o estudio das músicas de tradición oral.
- Coñecer como se aborda o estudio concreto da música particular dunha tradición pertencente a unha area xeográfica.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñece-las principais manifestacións da música tradicional mundial, empregando a audición, o estudio, e a visualización de instrumentos e manifestacións folclóricas, para ampliar-la súa concepción sobre a riqueza deste tipo de músicas, contribuíndo á valoración da propia, polo que de común e diferente posúe respecto daquelas.
- Empregar de forma axeitada o léxico necesario para referirse ós conceptos da materia, tanto na música occidental como noutras músicas.
- Establecer recursos persoais e materiais para a introdución ó estudo de músicas de tradición oral diferentes á propia.
- Combinar, de forma autónoma e con sentido crítico, os diferentes medios ó seu alcance para ampliar e completa-la súa formación, relacionando os seus coñecementos musicais con datos de outra índole (técnicos, científicos, sociais, históricos...), adquiridos de forma autónoma (lecturas, investigacións...), noutras materias, ou ben a través da súa experiencia cotiá.

CONTIDOS CONCEPTUAIS BÁSICOS

- Antecedentes históricos da Etnomusicoloxía .
- O estudo do folclore no século XIX .
- Nacemento da disciplina. A Musicoloxía Comparada.



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: HISTORIA DA ETNOMUSICOLOXÍA

- Os estudos folclóricos en Europa na primeira metade do século XX
- As correntes norteamericanas. Antropoloxía e función
- *Etnomusicoloxía*: Implicación do novo termo na evolución da disciplina
- Anos sesenta e setenta. Estudos antropolóxicos, estruturalistas e outros.
- Anos oitenta e noventa. post modernismo e tendencias actuais.
- Historia dos estudos folclóricos no Estado Español. Xenealoxía.
- O repertorio tradicional español. Marco antropolóxico. Repertorio tradicional español. Cancións, bailes, danzas. Instrumentarium e música instrumental no Estado Español
- Características xerais das músicas folclóricas europeas. Diversidade de formas, estilos, linguas, medios de expresión, e funcións. Áreas etnomusicais, influencias e individualidades. Características xerais das músicas folclóricas europeas. Tipoloxías, morfoloxías, estilos de canto..
- Características xerais das outras músicas occidentais
- Introducción ás culturas musicais máis afastadas. Períodos e xéneros: música popular e música culta.

CONTIDOS CONCEPTUAIS COMPLEMENTARIOS

- A importancia da aparición do fonógrafo O método científico
- Principias autores e coleccións. Antonio Machado e Álvarez, “Demófilo”. Folclore musical español: fontes directas e indirectas. Descrición e estudos sistemáticos.: Pedrell, Martínez Torner, Inzenga, etc...
- Estudio das clasificacións de García Matos e Crivillé.
- Europa occidental. Música de tradición oral en Francia e Italia. Os pobos xermánicos. As illas británicas. Escandinavia.



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: HISTORIA DA ETNOMUSICOLOXÍA

- Europa oriental. Tipos melódicos, rítmicos, sistemas de organización modal e tonal Instrumentos,xéneros, cancións.
- Música americana. Norteamérica. A música indíxena. A música negra. A música europea, con atención á angloamericana. Cultura urbana. Instrumentos musicais.
- Música americana. Latinoamérica. A música indíxena. Herdanza europea. Música andina. Música afrohispana. Instrumentos musicais. Estilos e áreas.
- Mundo árabe. Asia .O Pacífico. A música de Extremo Oriente: India, Indonesia, China. Teoría musical. Instrumentario.
- Realización de traballos escritos sobre diferentes artigos e lecturas dos contidos da materia, a ser exposto na clase, empregando os medios que considere oportunos para a súa elaboración e exposición.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS BÁSICOS

- Lecturas de fragmentos e libros representativos, extraendo as ideas fundamentais.
- Traballos escritos sobre textos de etnomusicoloxía ou realcionados doutro xeito coas músicas de tradición oral.
- Debates sobre as ideas das escolas e movementos etnomusicolóxicos a través da historia.
- Visualización e/ou escoita de obras correspondentes a diferentes tradicións, interpretadas cos instrumentos correspondentes á súa cronoloxía.
- Análise das diferentes formas e estilos por medio da audición.
- Recoñecemento visual e auditivo dos instrumentos máis representativos de cada cultura tratada.
- Coñecemento dos principais medios e ferramentas coas que achegarse de ás músicas tradición oral das diferentes partes do mundo.



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: HISTORIA DA ETNOMUSICOLOXÍA

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS COMPLEMENTARIOS

- Realización de breves teses coas que debater as ideas principais destas escolas.
- Exemplificación a través da audición e o análise de diferentes obras.
- Preparación dun repertorio escollido en CDs, como mostra de diferentes culturas, con ou sen traballo explicativo que o acompañe.
- Descrición deste tipo de músicas e os seus contextos.

CONTIDOS ACTITUDINAIS BÁSICOS

- Interese polo coñecemento dos diferentes pensamentos e enfoques que presenta o estudio da música de tradición oral ó longo da historia.
- Valoración das diferentes culturas musicais dentro do seu contexto
- Interese pola audición de músicas pertencentes á estilos diferentes á propia
- Actitude aberta ante o estudio doutras músicas e culturas diferentes ás máis próximas.
- Interese pola escoita de música de distintas épocas e repertorios, máis aló do que supón o repertorio do instrumento principal da súa especialidade.
- Interese por investigar e analiza-los motivos da evolución da música na sociedade

MÍNIMOS ESIXIBLES

Os contidos mínimos desta materia son os seguintes:

- Coñecer as diferentes etapas e corrientes de pensamento dentro das materias que estudaron as músicas de tradición oral antes de 1950 tanto na Musicoloxía Comparada , o Folklore e os antecesores históricos destas disciplinas.
- Coñecer os diferentes métodos de investigación na etnomusicoloxía a partires de 1950.
- Ser capaz de sintetizar a partir dun texto etnomusicolóxico as principais líneas de pensamento dunha determinada corrente .



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivie, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: HISTORIA DA ETNOMUSICOLOXÍA

RECURSOS MATERIAIS

- Bibliografía básica.
- Equipo de son.
- Ordenador e proxector
- Reprodutor de DVD .
- Audicións musicais de música culta non occidental e da música tradicional de todo o mundo.
- CDs coas audicións tratadas.
- Vídeo, conectado ben ó monitor de televisor da aula, ou ben directamente ó proxector.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñece-las diferentes etapas da Historia da Etnomusicoloxía, os seus movementos principais e os representantes principais de cada unha delas.
- Coñece-las características básicas de enfoque de cada escola establecendo relacións entre elas.
- Coñece-las características básicas das formas, xéneros, e estilo de músicas de tradición oral de todas as partes do mundo .Establecer unha correspondencia entre a sonoridade vocal, o instrumental, as formas, os xéneros... de cada cultura o etnia tratada, situándoa nas coordenadas xeográficas axeitadas, e relacionándoa entre si.
- Definir, empregando un léxico apropiado, as características básicas de cada música estudada.



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: HISTORIA DA ETNOMUSICOLOXÍA

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

1 Instrumentos de avaliación

- Exame cuadrimestral sobre conceptos teóricos da materia.
- Observación diaria e sistemática, recollendo datos sobre as súas contribucións nos debates e postas en común.
- Traballos sobre textos etnomusicolóxicos.
- O alumno que obteña menos de un cinco como nota media en xuño presentárase a unha proba de toda a materia tratada en setembro

2. Sistemas de Cualificación e información ós alumnos.

Se calificarán os exames de 0 a 10 .A asistencia e participación é un 25 % da nota e se terá en conta anotando as diferentes intervencións .Se encomendarán tamén pequenos traballos e comentarios de texto.

Posto que non podemos esquecer a condición de adultos maiores de idade destes alumnos se informará das características da materia a principio de curso e tamén nas clases da existencia drecordando a accesibilidade á programación na paxina web do centreo coas condicións de avaliación desta materia.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO

Non haberá recuperacións parciais durante o curso. Sí se farán recuperacións parciais no mes de xuño xunto cun exame final para aqueles alumnos que non poideran asistir a clase o teñan suspensas as dúas partes .

Como xa se sinalou se farán tres probas :

- a)Recuperacións dos contidos do primeiro cuadrimestre .
- b)Recuperacións dos contidos do segundo cuadrimestre
- c) EXAME FINAL para os que teñan sen superar as dúas partes

PROGRAMACIÓN DOS TEMAS TRANSVERSAIS

Nesta materia hai temas transversais moi en consoancia coa interdisciplinariade da etnomusicolxía.

Os temas transversais son :



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivé, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: HISTORIA DA ETNOMUSICOLOXÍA

- Estado actual da música no mundo.
- A Globalización cultural
- Música e política.
- Música e ideoloxía
- Música e nacionalismo.
- Socioloxía da música.
- Etnografía
- Antropoloxía
- Psicoloxía do son.
- Música e diversidade cultural.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

SD

Bibliografía básica

- **Cámara de Landa, Enrique:** *Etnomusicología*. Ed. ICCMU .Colección Música Hispana. Madrid 2002
- **Cruces, F. e outros.:** *Las culturas musicales*. Ed. Trotta. Madrid, 2001.
- **Díaz Viana, Luis.** *Música y Culturas*. Ed, Eudema antropología .Madrid 1993
- **Bartòk, B.:** *Escritos sobre música popular*. Ed. Siglo XXI. México, 1979.
- **Nettl, Bruno :** *Música folclórica y tradicional de los países occidentales*. Ed. Alianza Música. Madrid 1985
- **Malm, William P. :** *Culturas musicales del Pacífico, el Cercano Oriente y Asia*. Ed. Alianza Música .Madrid 1985
- **Crivillé , Josep :** *Historia de la música española(7):El folclore musical* Ed. alianza música. Madrid 1989.



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivie, 23 36203 VIGO – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: HISTORIA DA ETNOMUSICOLOXÍA

Discografía básica

- **Les voix du monde“Anthologie des expressions vocales du monde “** (Le Chant du monde - Collection musee de l`homme)
- **“Anthologie des instruments musicaux du monde”** (Le Chant du monde - Collection musee de l`homme LDX. 274 675).

Páxinas web

- <http://www.sibetrans.com>)
- <http://www.ethnomusic.ucla.edu>
- <http://www.indiana.edu>
- www.shef.ac.uk/music)